O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, en canto a competencia para realizar unha rectificación de erros corresponde ao propio órgano que ditou o acto a rectificar.

Por todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, previo informe da Intervención Xeral de Fondos, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro.- Rectificar o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de 1 de xuño de 2023, polo que se denegan as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida, en relación á concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, respecto da solicitude de axuda presentada por dona B. Bouzo Cayetano.

Segundo.- Conceder a Dna. B. Bouzo Cayetano, NIF ****8792*, a axuda municipal a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio por ela solicitada, por importe de 205,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 (Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados", ao ter emendado correctamente a súa solicitude.

Terceiro.- Notificar á interesada o presente acordo, informándolle que contra o mesmo cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses; en ambos os dous casos, os prazos contarán desde o día seguinte á recepción da presente notificación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

7(983).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E AUGA QUENTE SANITARIA (AQS) DOS COLEXIOS PÚBLICOS E OUTROS EDIFICIOS DEPENDENTES DO SERVIZO DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 26422/332.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 29/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 28/11/2023, asinado pola xefa do Servizo de Educación, a concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 13 de decembro de 2022, o concelleiro delegado da Área de Educación resolveu autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación do expediente administrativo para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria dos Colexios Públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinado pola xefa do Servizo de Educación, de data 13/12/2022.
- Resolución do concelleiro delegado de Educación de data 13/09/2022 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) e Anexo, de data 21/08/2023, redactados pola xefa do Servizo de Educación e polo enxeñeiro industrial.
- Memoria económica asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e polos concelleiros das Áreas de Goberno de Educación e de Orzamentos e Facenda, asinada o 13/03/2023, rectificada en data 24/10/2023.
- Documento contable RCFUT 202300184957, por importe de 417.580,20 euros, de data 18/10/2023.
- Declaración dos redactores do PPT, de data 18/10/2023.
- Memoria xustificativa, asinada pola xefa do Servizo de Educación e pola concelleira delegada de Educación e pola concelleira da Área de Goberno de Educación de Educación o 19/10/2023.
- Solicitude de publicación de anuncio de información previa no Diario Oficial da Unión Europea de data 26/10/2023.
- Informe de data 26/04/2023 do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 27/11/2023, redactado pola técnica de administración xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: A realización do mantemento integral tanto preventivo como correctivo das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos Colexios Públicos e noutros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo, de cara a que permanezan en perfectas condicións de seguridade e utilización, considerando o uso público previsto e dando cumprimento á normativa vixente e ás normas que resulten de aplicación.

Duración: A duración do contrato será de tres anos; existindo a posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 139.193,40 euros (115.035,87 €, máis 24.157,53 € de IVE a soportar pola administración), polo que o prezo do contrato é de 417.580,20 € (345.107,61 € máis 72.472,59 € de IVE a soportar pola administración).

Aplicación orzamentaria: 3230.213.0000 "Mantemento Caldeiras, Calefacción e Depósitos G".

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro, de contratos do sector público. A resolución segundo o artigo 117 da Lei 9/2017 deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria dos Colexios Públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 21/08/2023, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 27/11/2023 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria de Colexios Públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 417.580,20 € (345.107,61 € máis 72.472,59 € de IVE a soportar pola administración) para a contratación dos servizos de mantemento integral de instalacións de calefacción e auga quente sanitaria de Colexios Públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación por procedemento aberto, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.213.0000 "Mantemento Caldeiras, Calefacción e Depósitos G", que se desglosará nas seguintes anualidades:

- Anualidade 2024: 139.193,40 euros;

- Anualidade 2025: 139.193,40 euros;



Concello de Vigo

- Anualidade 2026: 139.193,40 euros.

O valor estimado do contrato estipúlase en 575.179,35 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(984).- PROPOSTA DE INICIO DE PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE PENALIDADES Á EMPRESA RETNOVA PROXECTIA CONSULTING, S.L. EXPTE. 12131/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 30/11/2023, asinado pola axente de Igualdade de oportunidades, a asesora xurídica do Servizo de Igualdade, a xefa do Servizo e conformado pola concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto da xestión xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade” (12131-224) (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto da xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade” (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 8 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, autorizar o gasto, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación da xestión do “Programa coeducativo dirixido

a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade” .

Segundo.- A XGL, na sesión ordinaria do 22 de setembro de 2023, acordou adxudicar a RETNOVA PROXECTIA CONSULTING, S.L., o citado procedemento.

Terceiro.- O contrato formalizouse o 28 de setembro do 2023, e segundo a súa cláusula 4: “O contrato comezará ao día seguinte á sinatura do mesmo pola Concelleira-delegada da Área de Goberno de Contratación e realizarase no período lectivo finalizando o mes de xuño”. A data de comezo do contrato foi, por tanto, o 29 de setembro de 2023.

Cuarto.- Desde a formalización do contrato este servizo xestor, a través da responsable do contrato, mantivo tres reunións presenciais coa coordinadora da empresa adxudicataria. Nestas reunións, a responsable do contrato lembroulle á adxudicataria as súas obrigas con respecto ao cumprimento do contrato, en concreto a obriga de comunicar os medios persoais asignados e a obriga de comezar a súa execución no prazo acordado.

Ademais, en data 27.11.2023 a responsable do contrato requiriu de novo á adxudicataria mediante correo electrónico o comezo da execución do contrato para dar cumprimento ás obrigas contidas nas súas cláusulas, advertíndoa de que o atraso na execución do contrato asinado entre as partes tería como consecuencia a imposición de penalidades.

Quinto.- Na data 29.11.2023, a adxudicataria achega un escrito no cal comunica que xa reúne as condicións de comezar a execución do contrato, e aporta a documentación necesaria que acredita que conta cos medios persoais esixidos, póliza de Responsabilidade Civil, recibo do pagamento deste, e a proposta de programación a desenvolver que deberá ser conformada pola responsable do contrato.

Por tanto, en data 30.11.2023 dáse comezo á execución do contrato, 62 días despois da data en que tería que ter comezado. Esta demora produciuse por causas imputables á contratista.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP



Concello de Vigo

-II-

Da imposición de penalidades

A lexislación de contratos do sector público recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de impoñer penalidades polo incumprimento ou cumprimento defectuoso das obrigas derivadas dos contratos (artigos 192 a 194), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato nas cláusulas 38 e 39 do PCAP.

A cláusula 38 do PCAP: *CLÁUSULA 38.- PENALIDADES*

1.- Cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en mora no cumprimento, tanto do prazo total como cos prazos parciais establecidos, para a imposición de penalidades estarase ao disposto no artigo 193 da LCSP.

O artigo 193 da LCSP: Demora en la ejecución.

1. El contratista está obligado a cumplir el contrato dentro del plazo total fijado para la realización del mismo, así como de los plazos parciales señalados para su ejecución sucesiva.

2. La constitución en mora del contratista no precisará intimación previa por parte de la Administración.

3. Cuando el contratista, por causas imputables al mismo, hubiere incurrido en demora respecto al cumplimiento del plazo total, la Administración podrá optar, atendidas las circunstancias del caso, por la resolución del contrato o por la imposición de las penalidades diarias en la proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros del precio del contrato, IVA excluido.

El órgano de contratación podrá acordar la inclusión en el pliego de cláusulas administrativas particulares de unas penalidades distintas a las enumeradas en el párrafo anterior cuando, atendiendo a las especiales características del contrato, se considere necesario para su correcta ejecución y así se justifique en el expediente.

4. Cada vez que las penalidades por demora alcancen un múltiplo del 5 por 100 del precio del contrato, IVA excluido, el órgano de contratación estará facultado para proceder a la resolución del mismo o acordar la continuidad de su ejecución con imposición de nuevas penalidades.

5. La Administración tendrá las mismas facultades a que se refieren los apartados anteriores respecto al incumplimiento por parte del contratista de los plazos parciales, cuando se hubiese previsto en el pliego de cláusulas administrativas particulares o cuando la demora en el cumplimiento de aquellos haga presumir razonablemente la imposibilidad de cumplir el plazo total.

O PCAP non prevé unhas penalidades distintas ás incluídas no artigo 193 da LCSP.

No caso que nos ocupa, a adxudicataria non da comezo á execución do contrato ata transcorridos 62 días contados desde o seu inicio: do 29.09.2023 ao 29.11.2023 (ambos incluídos), incorrendo en demora respecto do cumprimento do prazo do contrato por causas imputables e esta.

Polo tanto, neste caso procede a imposición dunha penalidade á contratista, en contía derivada de calcular unha proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVA excluído, por cada día de demora, conforme co artigo 193 da LCSP.

A cláusula 2ª do contrato asinado polas partes establece un prezo do contrato de 39.000 €, IVE exento.

A contía da penalidade correspondente sería: 0,60 € x 39 = 23,40 €/día.

Por tanto, 23,40 €/día x 62 días = 1.450,80 €

-III-

Do procedemento

A LCSP establece o seguinte procedemento para a imposición de penalidades:

Artículo 194. 2 Daños y perjuicios e imposición de penalidades.

2. Las penalidades previstas en los dos artículos anteriores se impondrán por acuerdo del órgano de contratación, adoptado a propuesta del responsable del contrato si se hubiese designado, que será inmediatamente ejecutivo, y se harán efectivas mediante deducción de las cantidades que, en concepto de pago total o parcial, deban abonarse al contratista o sobre la garantía que, en su caso, se hubiese constituido, cuando no puedan deducirse de los mencionados pagos.

O PCAP establece no apartado 1 das FEC que a responsable do contrato será a xefatura da Concellería de Igualdade, e na cláusula 1.3 que é competencia da responsable do contrato propor ao órgano de contratación a incoación de expediente para a imposición de penalidades e no suposto de mora na execución do contrato, emitir informe sobre se o atraso foi producido por motivos imputables á contratista.

No contrato que nos ocupa, o procedemento para a imposición de penalidades está recollido na cláusula 39 do PCAP: procedemento para a imposición de penalidades:

I. Órgano competente

As penalidades por incumprimento contractual ou cumprimento defectuoso, calquera que sexa a súa gravidade, imporanse pola Xunta de Goberno local.

II. Procedemento

As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato, previa audiencia do contratista, por un prazo de quince días.

Este acordo será inmediatamente executivo.

Se o incumprimento puidera conlevar á resolución do contrato, a tramitación do correspondente expediente axustarase ao disposto no artigo 213 da LCSP.

III. Pagamento das penalidades

Realizarse mediante deducción das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban abonarse ao contratista. Se non fose posible, sobre o importe da garantía definitiva. No seu defecto, o contratista deberá aboalas ingresando o seu importe na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación.

Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o seu importe, esixirase o pagamento pola vía de constrinximento administrativo.

En consecuencia, procedería:



Concello de Vigo

1º Adoptar o acordo de iniciación do expediente para a imposición de penalidade no que se fixe a contía desta.

2º Dar audiencia á contratista para que faga alegacións nun prazo de 15 días

IV-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

-V-

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Iniciar procedemento para a imposición dunha penalidade á empresa RETNOVA PROXECTIA CONSULTING, S.L., por incorrer en demora respecto do cumprimento do prazo do contrato por causas imputables á contratista, conforme co previsto nos artigos 193 e 194 da LCSP. A contía consistirá nunha penalidade diaria na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato (39.000 € IVE excluído). A contía da penalidade ascende a 1.450,80 €, a razón de 23,40 €/día, durante 62 días.

2º.- Dar trámite de audiencia a RETNOVA PROXECTIA CONSULTING, S.L., por un prazo de 15 días hábiles para que alegue o que a seu dereito conveña.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(985).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 11196/320.

Visto o informe xurídico do 22/11/2023 e o informe de fiscalización do 29/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 08/11/2023, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá, o concelleiro-delegado e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 28 de abril de 2023, o Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas autorizou iniciar o expediente de contratación do MANTENIMENTO DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS (CLIMATIZACIÓN, CALEFACCIÓN E AUGA QUENTE SANITARIA) E ELEMENTOS ASOCIADOS ÁS MESMAS NOS CENTROS DEPENDENTES DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato asinados pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e polo Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas en data 28 de abril de 2023.
2. Memoria económica do contrato, asinada polo arquitecto técnico e a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, en data 26/10/2023, e polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos en data 30/10/2023.
3. Documentos contables de retención de crédito do 06/06/2023 (RC núm. Operación 202300127788), (RCFUT núm. Operación 202300127789).
4. Declaración do redactor do prego de prescricións técnicas particulares asinada polo arquitecto técnico de Desenvolvemento Local e Emprego, de data 7/06/2023.
5. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 6/11/2023, asinado polo arquitecto técnico de Desenvolvemento Local e Emprego.
6. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinada o 27 e 30 de outubro de 2023 pola técnica de xestión, o arquitecto técnico, e a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos.
7. Informe do servizo de contratación, asinado pola técnica de administración xeral de Contratación de data 6/11/2023.
8. Prego de cláusulas administrativas de data 6/11/2023, asinado pola técnica de administración xeral de Contratación.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia estaba delegada por Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo", e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020, o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, en resolución de 28 de abril de 2023, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo arquitecto técnico de Desenvolvemento Local e Emprego o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral de Contratación, por delegación da xefa da Área de Contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se emitirá polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (11196/320) por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do "SERVIZO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁN DO CONCELLO DE VIGO".

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 6 de novembro 2023 e o prego de cláusulas administrativas de 6 de novembro de 2023 que rexerán a contratación do "SERVIZO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁN DO CONCELLO DE VIGO".

3º.- Aprobar o gasto de 17.196,30 € para a contratación dos "SERVIZO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN E

CALEFACCIÓN NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁN DO CONCELLO DE VIGO” con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279913 (“MANTEMENTO DO SISTEMA DE CALEFACCIÓN E AIRE ACONDICIONADO” do vixente orzamento do concello de Vigo do ano 2023, distribuídos do xeito seguinte:

Anualidades	Prezos con IVE
2023	716,51 €
2024	8.598,15 €
2025	7.881,64 €

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Rectificación de erro relativo á resolución da convocatoria de subvencións para o desenvolvemento de festas tradicionais, patronais, gastronómicas e actividades socioculturais período 2021-2022. Expte. 9195/335.

.- Adxudicación da contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais. Expte. 22853/333.

.- Proposta de aprobación de proxecto para participar na segunda convocatoria de subvencións (2023) para proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (PERTE dixitalización do ciclo da auga), no marco do PRTR- Next Generation EU. Expte 1817/441.

.- Proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO), no marco do fomento do emprego. Expte. 20367/77.



Concello de Vigo

.- Autorización de gasto adicional: Programa contra desafiuzamentos e de emerxencia social e de axudas ao transporte para persoas con discapacidade 2023. Expte. 243631/301.

.- Adxudicación da contratación das obras do proxecto Vigo Vertical "humanización da avda. Hispanidade, entre as rúas Amor Ruibal e Feliciano Rolán" (PRTR – Next Generation-EU) Expte. 1679/441.

.- Adxudicación da contratación das obras do proxecto de "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para conexión entre o contorno do colexio Losada e rúa Ramón Nieto" (PRTR – Next Generation-EU). Expte. 1680/441.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

10(986).- RECTIFICACIÓN DE ERRO RELATIVO Á RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, GASTRONÓMICAS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS PERÍODO 2021-2022. Expte. 9195/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 30/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 21/11/2023, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e a concelleira-delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. Con data 09 de junio de 2022 apróbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para o desenvolvemento de Festas Tradicionais, Patronais, Gastronómicas e Actividades Socioculturais período 2021 - 2022 (expte. 9195/335). A cantidade destinada á presente convocatoria ascende a 390.000 € con cargo a partida 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio.

2. Con data, 17 de xuño de 2022 foron publicadas no BOPPO as bases reguladoras da concesión das subvencións do servizo de Festas para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais período 2021-2022. O prazo de presentación de solicitudes foi de 15 días hábiles, que comezou ao día seguinte da publicación do extracto no BOPPO, (20 de xullo de 2022) sendo o inicio o 21 de xullo e o remate o 11 de agosto de 2022, ambos os dous incluídos.

3. A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas foi levado a cabo polo servizo de Festas, que unha vez revisadas as solicitudes e de acordo co estipulado na base oitava (instrución) solicitaron aos/as interesados/as para que nun prazo de dez días, completaran a documentación ou os defectos materiais e formais e achegaran os documentos perceptivos.

4. Unha vez rematada a instrución do expediente, foi remitido á Comisión de Avaliación que se reúne ás 08:00 horas do día 9 de novembro de 2022 na planta primeira do Concello de Vigo, e que está integrada polo Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, D. Pablo Luis Estévez Rodríguez que actúa como presidente; e por Dña. M. Cristina Chao Polo Xefa do Servizo de Festas como vogal e Antía Mosquera González como secretario.

5. Co fin de valorar a documentación relativa as subvencións que é preciso emendar, a Comisión de Avaliación reúnese ás 09:00 horas do día 3 de abril de 2023 na planta cuarta do Concello de Vigo, e que está integrada polo Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, D. Pablo Luis Estévez Rodríguez que actúa como presidente; e por Dña. M. Cristina Chao Polo Xefa do Servizo de Festas como vogal e Antía Mosquera González como secretaria.

Procédese a revisión da documentación presentada pola Asociación Cultural e Deportiva Xestas e compróbase que a entidade cumpren cos requisitos necesarios para acceder ás subvencións solicitadas.

A devandita entidade solicitara, tal e como consta no expediente 9330-335, a subvención da Liña 2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas. E dentro desta liña, o punto 2.2.- Programas de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias. O número máximo de festas, programas ou actividade a presentar por cada entidade a este concepto a subvencionar é de DOUS (2). A entidade, solicitara:

- Con data 3 de agosto de 2022 (doc. núm. 220193418) acollerse á subvención dentro da Liña 2.2. Se solicitan o seguintes concepto subvencionable e o seguinte importe:
Programa de actividade XXVII CERTAME DA TORTILLA E CHURRASCO
Presuposto (ive incluído) 1.563,00 €
Importe solicitado 1.172,25 €
- Con data 3 de agosto de 2022 (doc. núm. 220193423) acollerse á subvención dentro da Liña 2.2. Se solicitan o seguintes concepto subvencionable e o seguinte importe:
Programa de actividade FESTA DE SAN XOAN
Presuposto (ive incluído) 1.114,40 €
Importe solicitado 838,805 €

7. Revisada a documentación, advírtese un erro no outorgamento da subvención do ano 2022 á Asociación Cultural e Deportiva Xestas, por canto:



Concello de Vigo

Onde dicía:

“Liña 2: Actividades Socioculturais relacionadas coas artes escénicas (...):

Expte.	ENTIDADE	CIF	Programa	Importe subvención
9330-335	Asociación Cultural e Deportiva Xestas	G36628543	Festa de San Xoán	835.80 €

Debería dicir:

“Liña 2: Actividades Socioculturais relacionadas coas artes escénicas (...):

Expte.	ENTIDADE	CIF	Programa	Importe subvención
9330-335	Asociación Cultural e Deportiva Xestas	G36628543	Festa de San Xoán	835.80 €
9330-335			XXVII Certame da Tortilla e o Churrasco	1.172,25 €

8. No acordo da XGL do 16/12/2022 no que non se incluía este importe de 1.172,25 euros, preveuse un gasto da *Liña 2: Actividades Socioculturais relacionadas coas artes escénicas*, por un total de 93,183.89 €, polo que este gasto non previsto debe ser aprobado, previa fiscalización da Intervención Municipal.

9. Con data 12 de abril de 2023 foi emitido pola xefatura de Festas, informe-proposta de retificación do erro advertido.

10. Con data 3 de maio de 2023 a Intervención Xeral municipal devolve o expediente mediante dilixencia na que se require valoración previa da comisión de valoración.

11. O día 5 de maio de 2023 a Comisión de Valoración reúne-se co seguinte resultado de valoración:

A contía individualizada que lle corresponde á entidade **ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS** conforme á Base Décimo Primeira é

Programa de actividade	Puntuación total obtida	Importe por puntos	Presuposto (ive incluído)	75% Presuposto (ive incluído)	Importe solicitado	Cuantía subvencionable	% subvencionable respecto do solicitado
Festa de San Xoan (xa outorgada)	51	3.409,57 €	1.114,40 €	835,80 €	835,80 €	835,80 €	100,00 %
XXVII Certame Tortilla e Churrasco	61	4.077,85 €	1.563,00 €	1.172,25 €	1.172,25 €	1.172,25 €	100,00 %
TOTAL						2.008,05 €	

FUNDAMENTOS

A Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 109 permite ás administracións rectificar en calquera momento de oficio os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

De acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, da información que obra en poder do órgano de instrutor despréndese que a entidade beneficiaria cumpre cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Á vista do exposto, e de acordo co establecido na base oitava, punto 5 das bases, previo informe da Intervención de Fondos e coa conformidade do concelleiro de Participación Cidadá e Festas faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Retificar o acordo da XGL de 13/10/2023, de xeito que, onde dicía:

*“**SEGUNDO.-** Aprobar a concesión da subvención a favor da entidade Asociación Cultural e Deportiva Xestas, pola organización da Festa de San Xoán e o XXVII CERTAME DA TORTILLA E DO CHURRASCO no ano 2022.*

***TERCEIRO.-** Autorizar e dispoñer o **gasto total de 2.008,05 euros** a favor da entidade Asociación Cultural e Deportiva Xestas G36628543 con enderezo social na rúa Estrada das Plantas, 31, 36313 Vigo, Pontevedra segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 99195-335. Este crédito é con cargo á partida 3380.4890000 (Transferencia a Entidades e Comisións de Festas) do vixente orzamento.”*

debería dicir:

*“**SEGUNDO.-** Aprobar a concesión da subvención a favor da entidade Asociación Cultural e Deportiva Xestas, pola organización do XXVII CERTAME DA TORTILLA E DO CHURRASCO no ano 2022.*

***TERCEIRO.-** Autorizar e dispoñer o **gasto total de 1.172,25 euros** a favor da entidade Asociación Cultural e Deportiva Xestas G36628543 con enderezo social na rúa Estrada das Plantas, 31, 36313 Vigo, Pontevedra segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 99195-335. Este crédito é con cargo á partida 3380.4890000 (Transferencia a Entidades e Comisións de Festas) do vixente orzamento.”*

SEGUNDO.- Aprobar a concesión da subvención a favor da entidade Asociación Cultural e Deportiva Xestas, pola organización do XXVII CERTAME DA TORTILLA E DO CHURRASCO no ano 2022.



Concello de Vigo

TERCEIRO.- Autorizar e dispoñer o **gasto total de 1.172,25 euros** a favor da entidade Asociación Cultural e Deportiva Xestas G36628543 con enderezo social na rúa Estrada das Plantas, 31, 36313 Vigo, Pontevedra segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 99195-335. Este crédito é con cargo á partida 3380.4890000 (Transferencia a Entidades e Comisións de Festas) do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(987).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS PARA AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. Expte. 22853/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 05/12/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada en data 1/12/2023, que di o seguinte:

11. Propostas de adxudicación Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais (22853-333)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 11 de agosto de 2023 a Xunta de Goberno local (en adiante, XGL), acordou aprobar o expediente de contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais (22853-333), autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- A XGL o 22 de setembro de 2023 acordou:

“Declarar deserto o Lote 6 “Altofalantes subacuáticos e equipos de son autónomos” do procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais (22853-333) por non terse presentado ningunha proposición, tal e como consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral”.

Terceiro.- A Mesa de contratación na sesión do 9 de novembro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais (22853-333) na seguinte orde descendente:

- Lote 1

	Licitador	Puntuación
1	PUNTODEPORTE ASESORES, S.L.	100,00
2	MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS, S.L.	81,18
3	CINETRONICA, S.L.	54,04

- Lote 2

	Licitador	Puntuación
1	PUNTODEPORTE ASESORES, S.L.	100,00

- Lote 3

	Licitador	Puntuación
1	PUNTODEPORTE ASESORES, S.L.	100,00

- Lote 4



Concello de Vigo

	Licitador	Puntuación
1	MOYPE SPORT, S.A.	97,00
2	PUNTODEPORTE ASESORES, S.L.	26,73

- Lote 5

	Licitador	Puntuación
1	MOYPE SPORT, S.A.	88,43
2	PUNTODEPORTE ASESORES, S.L.	18,93

Segundo.- Requirit aos licitadores clasificados en primeiro lugar, PUNTODEPORTE ASESORES, S.L. (Lotes 1, 2 e 3) e MOYPE SPORT, S.A. (Lotes 4 e 5), para que presenten, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscritos no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

1. Acreditación da constitución garantía definitiva.
2. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
3. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
4. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, PUNTODEPORTE ASESORES, S.L. (Lotes 1, 2 e 3) e MOYPE SPORT, S.A. (Lotes 4 e 5), o día 15 de novembro de 2023, que presentan a documentación requirida os días 20 e 21 de novembro de 2023, respectivamente, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 1 de decembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por maioría dos membros asistentes a esta sesión e coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar PUNTODEPORTE ASESORES, S.L. (Lotes 1, 2 e 3) e MOYPE SPORT, S.A. (Lotes 4 e 5), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PUNTODEPORTE ASESORES, S.L. (Lotes 1, 2 e 3) e MOYPE SPORT, S.A. (Lotes 4 e 5), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de data 6 de novembro de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Adxudicar a PUNTODEPORTE ASESORES, S.L os lotes 1, 2 e 3 do procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais (22853-333):

- a) *O lote 1 por un prezo de 19.500,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 4.095,00 euros, o que supón un prezo total para este lote de 23.595,00 euros. Incrementa o prazo de garantía en 36 meses a maiores do mínimo esixido no apartado 11 do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- b) *O lote 2 por un prezo de 11.921,63 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 2.503,54 euros, o que supón un prezo total para este lote de 14.425,17 euros. Incrementa o prazo de garantía en 96 meses a maiores do mínimo esixido no apartado 11 do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- c) *O lote 3 por un prezo de 7.500,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 1.575,00 euros, o que supón un prezo total para este lote de 9.075,00 euros. Incrementa o prazo de garantía en 96 meses a maiores do mínimo esixido no apartado 11 do Anexo I -FEC- do PCAP.*

2º.- Adxudicar a MOYPE SPORT, S.A., os lotes 4 e 5 do procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais (22853-333):



Concello de Vigo

- a) O lote 4 por un prezo de 753,30 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 158,19 euros, o que supón un prezo total para este lote de 911,49 euros. Incrementa o prazo de garantía en 6 meses a maiores do mínimo esixido no apartado 11 do Anexo I -FEC- do PCAP.
- b) O lote 5 por un prezo de 12.382,28 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 2.600,28 euros, o que supón un prezo total para este lote de 14.982,56 euros. Incrementa o prazo de garantía en 6 meses a maiores do mínimo esixido no apartado 11 do Anexo I -FEC- do PCAP.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(988).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PROXECTO PARA PARTICIPAR NA SEGUNDA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS (2023) PARA PROXECTOS DE MELLORA DA EFICIENCIA DO CICLO URBANO DA AUGA (PERTE DIXITALIZACIÓN DO CICLO DA AUGA), NO MARCO DO PRTR- NEXT GENERATION EU. EXPTE 1817/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

En función dos asuntos a tratar, se é o caso, a Comisión solicitará o asesoramento dos responsables da Dirección Orzamentaria, da Secretaría de Administración Local, da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral.

Ligazón ao contido del acuerdo: https://hoxe.vigo.org/conecenos/prtr_pmcpsc.php?lang=cas#/

En relación as obrigacións derivadas da convocatoria o Concello de Vigo conta con os seguintes procesos xa realizados:

- Plan de medidas antifraude (Orden HFP/1030/2021). Aprobado por la Xunta Local de Gobierno de fecha: 11/03/2022.

Enlace: https://hoxe.vigo.org/conecenos/prtr_antifraude.php?lang=cas#/

- Autoevaluación (Orden HFP/1030/2021).

Enlace: https://hoxe.vigo.org/conecenos/prtr_autoevaluacion.php?lang=cas#/



Concello de Vigo

VI.- OBRIGACIÓN ECONÓMICAS DERIVADAS DO PROXECTO E CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SOSTENIBILIDADE FINANCEIRA DA PROPOSTA.

Tal como se describe na presente memoria e de acordo con a Orden TED/919/2023, de 21 de xullo, por a que se modifican as bases reguladoras da Orde TED/934/2022, do 23 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para o desenvolvemento de proxectos de mellora da eficiencia. do ciclo urbano da auga e da primeira convocatoria de subvencións (2022) en réxime de concorrencia competitiva para proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (PERTE dixitalización del ciclo del agua), e pola a que se aproba a segunda convocatoria de subvencións (2023) no marco de o marco do PRTR, Debemos identificar os seguintes aspectos en relación coas obrigas económicas da presentación do proxecto:

Beneficiario: De conformidade co establecido na convocatoria, o Concello de Vigo propón nesta proposta encomendar á empresa FCC AQUALIA VIGO UTE o CIF: U79820833, adxudataria do vixente contrato "operador" da Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo. ,proceder a solicitar a subvención regulada pola Orde TED/919/2023, do 21 de xullo.

Proxecto: O proxecto desenvolvido nesta memoria, que será o aprobado polo Concello de Vigo para ser presentado na convocatoria regulada pola Orde TED/919/2023, do 21 de xullo, correspóndese co seguinte marco orzamentario:

Proceso	Importe Proyecto sin IVA	Importe Subvención	Importe Dotación Presupuestaria
Captación	300.208,02	226.043,14	74.164,88
Potabilización	1.387.158,50	1.095.911,10	291.247,40
Distribución	2.249.618,07	1.689.334,99	560.283,09
Alcantarillado	2.624.813,94	2.351.949,19	272.864,75
Depuración	706.823,83	636.141,45	70.682,38
Total general	7.268.622,36	5.999.379,86	1.269.242,50

O desenvolvemento económico do proxecto non suporá para o Concello de Vigo outra obriga económica que as xa previstas no marco contractual do vixente contrato de concesión administrativa do "Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo" en relación co acordo de prórroga (Xunta de Goberno Local do 30/12/2020) polo que se amplía a continuidade do mesmo para unha período de vixencia de 5 anos con efectos desde o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025. En relación co plan de investimento vixente, o proxecto **CAPITAL DIXITAL DA AUGA EN GALICIA (VIGWATER)**, contempla unidades de actuación financiáveis por un importe máximo de 2.365.390,45€.

Marco económico do proxecto: Proxecto CAPITAL DIXITAL DA AUGA EN GALICIA (VIGWATER). contempla como importe de dotación orzamentaria unha cantidade de

1.269.242,50 €. Esta cantidade financiarase con cargo ás actuacións recollidas no vixente plan de investimentos do acordo de ampliación en función das actuacións non executadas incluídas no proxecto CAPITAL DIXITAL HÚDRICO EN GALICIA (VIGWATER), que teñan unha referencia de execución dun importe máximo de 2.365.390,45€.

Así mesmo, a obriga da convocatoria en relación co compromiso de que se disporán dos medios técnicos e financeiros necesarios para garantir o mantemento e o funcionamento da actuación subvencionada despois da súa posta en marcha e, polo menos, durante os cinco primeiros anos de actividade posteriores á súa finalización do proxecto, constituirase como actuacións preceptivas da xestión das infraestruturas adscritas á “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga de Vigo” e polo tanto serán custos integrados no propio contrato, sendo asumidos dentro do contrato vixente e no seu caso no novo prego que se desenvolva para a continuidade destes beneficios posteriores ao 31 de decembro de 2025,co cal a obriga esixida non repercutirá negativamente na xestión deste contrato, tendo en conta que moitas das actuacións terán o carácter teórico de actuacións que mellorarán as condicións de execución, garantindo un equilibrio económico na súa xestión, tanto pola súa capacidade de vida útil, como pola súa capacidade tecnolóxica e tecnolóxica. melloras ambientais.

Así mesmo, a solicitude de resolución favorable desta subvención leva consigo a necesidade do correspondente acordo de conformidade e aceptación, no que se acorden as obrigas definitivas en función da contía concedida.

VII.- PROPOSTA:

Tendo en conta todos os antecedentes desenvolvidos neste informe e en cumprimento de todas as obrigas reguladas na Orde TED/919/2023, do 21 de xullo, pola que se modifican as bases reguladoras da Orde TED/934/2022, do 23 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para o desenvolvemento de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga e a primeira convocatoria de subvencións (2022) en concorrencia competitiva para proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (dixitalización PERTE do ciclo da auga),e apróbase a segunda convocatoria de subvencións (2023), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia,baseado na definición do “PROXECTOCAPITAL DIXITAL DA AUGA EN GALICIA (VIGWATER)” e unha vez incorporado ao expediente o correspondente informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación os seguintes acordos:

Primero: Aprobar o **PROXECTO CAPITAL DIXITAL DO AUGA EN GALICIA (VIGWATER)**, por un importe total sin IVA de 7.268.622,36€ desenvolvido en este expediente de acordo co seguinte marco presupuestario:

Desglose económico en relación á tipoloxía das actuacións: (importes sin



Concello de Vigo

IVA):

Actuacións de planificación: (tipo A)

Procesos	A							Total A
	A1	A2	A3	A4	A6	A7	A8	
Captación	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Potabilización	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Distribución	43.264,00	32.177,60	0,00	0,00	54.080,00	281.301,92	108.000,00	518.823,52
Alcantarillado	0,00	0,00	405.600,00	0,00	0,00	0,00	331.270,40	736.870,40
Depuración	0,00	0,00	0,00	81.120,00	0,00	0,00	162.240,00	243.360,00
Total general	43.264,00	32.177,60	405.600,00	81.120,00	54.080,00	281.301,92	601.510,40	1.499.053,92

Actuacións de implementación de accións de mellora da eficiencia e dixitalización: (tipo B)

Procesos	B							Total B
	B1	B2	B3	B4	B5	B6	B7	
Captación	186.109,18	0,00	0,00	0,00	34.611,20	0,00	0,00	220.720,38
Potabilización	613.057,76	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	149.600,00	762.657,76
Distribución	0,00	1.676.606,39	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.676.606,39
Alcantarillado	0,00	0,00	844.877,27	682.543,68	51.916,80	0,00	0,00	1.579.337,75
Depuración	0,00	0,00	313.874,81	25.147,20	0,00	0,00	0,00	339.022,01
Total general	799.166,94	1.676.606,39	1.158.752,08	707.690,88	86.528,00	0,00	149.600,00	4.578.344,29

Actuacións de xestión da información: (tipo C).

Procesos	C		Total C
	C1	C2	
Captación	17.303,76	62.183,88	79.487,64
Potabilización	233.893,44	390.607,30	624.500,74
Distribución		54.188,16	54.188,16
Alcantarillado	36.743,76	271.862,03	308.605,79
Depuración	17.303,76	107.138,06	124.441,82
Total general	305.244,72	885.979,43	1.191.224,15

Resumen xeral en relación aos procesos:

Procesos	Total A	Total B	Total C	Total general
Captación	0,00	220.720,38	79.487,64	300.208,02
Potabilización	0,00	762.657,76	624.500,74	1.387.158,50
Distribución	518.823,52	1.676.606,39	54.188,16	2.249.618,07
Alcantarillado	736.870,40	1.579.337,75	308.605,79	2.624.813,94
Depuración	243.360,00	339.022,01	124.441,82	706.823,83

Total general	1.499.053,92	4.578.344,29	1.191.224,15	7.268.622,36
----------------------	---------------------	---------------------	---------------------	---------------------

Presuposto proxecto total:

Proceso	Importe Proyecto sin IVA	Importe Subvención	Importe Dotación Presupuestaria
Captación	300.208,02	226.043,14	74.164,88
Potabilización	1.387.158,50	1.095.911,10	291.247,40
Distribución	2.249.618,07	1.689.334,99	560.283,09
Alcantarillado	2.624.813,94	2.351.949,19	272.864,75
Depuración	706.823,83	636.141,45	70.682,38
Total general	7.268.622,36	5.999.379,86	1.269.242,50

Segundo: Encomendar á mercantil FCC AQUALIA VIGO UTE con CIF: U79820833, adxudicataria do contrato vixente “operador” da Xestión Integral do Servicio Municipal de Abastecimento de Agua e Saneamiento de Vigo, para proceder a solicitar como beneficiario da subvención regulada pola Orden TED/919/2023 en relación ao PROXECTO CAPITAL DIXITAL DO AUGA EN GALICIA (VIGWATER), e de acordo cos seguintes importes de subvención a solicitar:

Proceso	Importe Subvención
Captación	226.043,14
Potabilización	1.095.911,10
Distribución	1.689.334,99
Alcantarillado	2.351.949,19
Depuración	636.141,45
Total general	5.999.379,86

O marco económico do proxecto: proxecto CCAPITAL DIXITAL DA AUGA EN GALICIA (VIGWATER), A dotación orzamentaria inclúe un importe de 1.269.242,50 €. Esta cantidade financiarase con cargo ás actuacións recollidas no vixente plan de investimentos do acordo de ampliación en función das actuacións non executadas incluídas no proxecto CAPITAL DIXITAL DA AUGA EN GALICIA (VIGWATER), que teñan unha referencia de execución dun importe máximo de 2.365.390,45 €.

O dito financiamento quedará suxeito ás obrigas finais derivadas do convenio de subvención no caso de aprobación.



Concello de Vigo

- Terceiro:** Aceptar todas as condicións e obrigas reguladas na Orde TED/919/2023, do 21 de xullo, pola que se modifican as bases reguladoras da Orde TED/934/2022, do 23 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para o desenvolvemento de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga e primeira convocatoria de subvencións (2022) en concorrencia competitiva para proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (dixitalización PERTE do ciclo da auga), e apróbase a segunda convocatoria de subvencións (2023) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, para a execución de todas as actuacións do PROXECTO.CAPITAL DIXITAL DA AUGA EN GALICIA (VIGWATER).
- Cuarto:** Garantir a sustentabilidade do PROXECTO CAPITAL DIXITAL DA AUGA EN GALICIA (VIGWATER), en relación coas actuacións, orzamento e programación durante os cinco primeiros anos de actividade unha vez rematado o prazo de execución das actuacións neles incluídas, así como a obriga de remitir a información asociada ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.
- Quinto:** Aceptar a cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao disposto na normativa europea aplicable e de acordo coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e garantía de dereitos.
- Sexto:** Delegar no segundo tenente de alcalde e concelleiro da área de Fomento e Servizos, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, a facultade de representación do Concello de Vigo para os efectos do proceso de formalización da solicitude de subvención regulado na Orde TED/919/2023, do 21 de xullo, e de acordo co proxecto sinalado no punto primeiro deste convenio.
- Dita delegación alcanza a todos os efectos e de ser necesario en relación á conformación final da documentación obrigatoria a presentar pola mercantil FCC AQUALIA VIGO UTE con CIF: U79820833, así como a execución de todos trámites administrativos necesarios que se requira a todos os efectos no proceso de solicitude da subvención.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(989).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DE COMISIÓN OBREIRAS

(CC.OO), NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO. ExPTE. 20367/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 1/12/2023, dáse conta do informe-proposta de data 29/11/2023, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento local, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- D^a. M^a Montserrat Carrera Leirós, co DNI 76991173F, en representación da Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo (NIF G15103112) solicita, mediante escrito remitido en data 21/07/2023, a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (documento núm. 220060268) e achegas complementarias á solicitud presentadas cos documentos núm. 230220023 e 230220031 da mesma data e, 230327254 de data 17 de outubro, a colaboración do Concello de Vigo para a subscrición dun convenio de colaboración para axudar ao financiamento das actividades da entidade, no marco do fomento do emprego, no período comprendido entre o 01/01/2023 e 30/09/2023. A entidade achega a seguinte documentación:

- declaración responsable de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei de Subvencións de Galicia; e de que a entidade non se atopa en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado.

- declaración responsable das axudas recibidas para o programa
- orzamento de gastos do proxecto
- proposta de convenio de colaboración
- poder notarial de representatividade da entidade
- autorización expresa para a consulta de datos fiscais, DNI do representante e NIF da entidade
- certificado de titularidade da conta bancaria
- póliza de responsabilidade civil

Ademais, forman parte do expediente:

- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria expedida en data 01/06/23
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 20/06/23
- certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 01/06/23
- certificación de non ter débedas tributarias pendentes co Concello de Vigo, de 29/08/23

II. A devandita entidade consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co co nº 487/96, segundo resolución de data 30/09/96, no epígrafe 5.1.



Concello de Vigo

III. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410 4800003 “Convenio CCOO Fomento do Emprego”, por importe de 37.000,00 €.

IV. En data 28/08/23 a Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

V. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 29/08/23 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas ou sancións de natureza tributaria co Concello de Vigo.

VI. A xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co conforme da Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Obxecto:

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa por importe de 35.592,11 € á “Unión Comarcal CCOO Vigo”, que se instrumentaliza mediante a tramitación do presente convenio co obxecto de coadjuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Co presente convenio, dáse continuidade ás actividades obxecto de anteriores colaboracións conxuntas para axudar ao financiamento dos custos da Oficina de Atención á Cidadanía da entidade en materias de interese xeral, así coma para a organización de xornadas informativas de interese, como a proposta pola entidade de “A incidencia da reforma das pensións 2023” e para a elaboración dunha proposta de documento de diagnóstico económico e laboral do Concello de Vigo.

II. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2022, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a Unión Comarcal CCOO Vigo non está incurso en prohibición

para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

A vixencia do convenio será dende a sinatura do convenio ata o 31/12/2023.

III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Corresponde á Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (*Resolucións da Alcaldía de delegación de competencias de data 20/06/2023*) a formalización e sinatura do convenio nos termos expostos no seu apartado Primeiro j).

Pola outra parte, asinará o convenio D. Amelia Pérez Álvarez, co DNI 76991173F, en representación da Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo, co NIF [G15103112](#), ou representante debidamente acreditado, de ser precisa a súa substitución, segundo resultou acreditado mediante poder notarial referido nos antecedentes.

IV. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Na memoria consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e *moi especialmente nos anos 2016, 2017, 2019, 2020, 2021 e 2022 mediante a sinatura de convenios coa **UNIÓN COMARCAL DE COMISIONES OBRERAS (CCOO) DE VIGO***, para o axuda ao financiamento das actividades da entidade.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de



Concello de Vigo

racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.* A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; sendo de especial relevancia o desenvolvemento da dimensión local da política de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego.

O Nesta liña, e mediante resolución de delegación de competencias da Alcaldía, de 19 de xuño de 2023, se encomendou a Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, o deseño e dirección das políticas activas de emprego, fundamentalmente as relacionadas coa mellora da empregabilidade, de cara a fomentar a adaptación das persoas traballadoras. Deste xeito, dentro do fomento do emprego, na cidade de Vigo, debemos de ter en conta os novos nichos de emprego, así como, a formación e experiencia das organizacións sindicais, que contribúen á defensa e promoción dos intereses sociais mediante o apoio á mocidade e ás persoas desempregadas de longa duración, incrementando o acceso ás ofertas de novos empregos, así como, acompañando na busca dunha mellor situación ou posición no mercado laboral das persoas destinatarias dos programas, todo o cal ven a favorecer a consecución dun dos obxectivos que persegue a política municipal do Concello de Vigo, cal é, o da inserción social e laboral da cidadanía.

IV. Contía total e crédito orzamentario:

O importe do convenio de **35.592,11 euros** imputaranse con cargo á partida 2410 4800003 "Convenio CCOO Fomento do emprego", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

V. Normativa de aplicación:

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumento unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2023, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Unión Comarcal de Comisiones Obreras de Vigo está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de



Concello de Vigo

subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Unión Comarcal de Comisiones Obreras (CCOO) de Vigo* mediante a presentación dunha memoria final, coa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación finalizará o **18 de decembro de 2023**.

VII. Publicidade:

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, tendo que ser incorporado ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

En cumprimento do disposto no artigo 3 da Lei 19/2013 de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se incorporan ao Pacto 9º as obrigas de publicidade previstas ás que resultan suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

VIII. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira de área.

IX. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, previa a conformidade do Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, nos termos das delegacións competenciais efectuadas na Resolución Alcaldía do 19/06/23, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

- a) Aprobar o texto do convenio que se achega ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a "Unión Comarcal CCOO Vigo, co NIF G15103112, no marco para fomento do emprego.
- b) Autorizar o gasto de **35.592,11 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración, con cargo á partida 2410 4800003 "Convenio CCOO Fomento do Emprego", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2023.
- c) É competente para a sinatura do convenio a Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude.
- d) Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

[Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto](#)



Concello de Vigo

expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "UNIÓN COMARCAL DE CCOO DE VIGO" NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO. (EXPTE. 20367/77)

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. Elena Espinosa Mangana, na súa calidade de Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, en nome e representación do Concello de Vigo co NIF P3605700H e enderezo na Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. M^a Montserrat Carrera Leirós, co DNI 76991173F, en representación da Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo, co NIF G15103112 e domicilio social na Rúa As Teixugueiras, 11-entresollado, de Vigo, segundo documentación incorporada ao expte. 20367/77, persoa responsable da sinatura do presente convenio.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o outorgamento de presente convenio e

MANIFESTAN

PRIMEIRO: Que de acordo coa resolución de delegación de competencias da Alcaldía, de 19 de xuño de 2023, encomendouse á Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, o deseño e dirección das políticas activas de emprego, fundamentalmente as relacionadas coa mellora da empregabilidade, de cara a fomentar a adaptación das persoas traballadoras, impulsar e dirixir os Pactos Locais polo Emprego e en materia de relación cos sindicatos, actuar como interlocutora coas diferentes entidades sindicais, fomentando o diálogo aberto e escoita activa así como a procura de acordos nos aspectos con maior impacto socio económico na cidade, así como, a planificación e execución das políticas públicas municipais en materia social e relacións laborais, adecuadas ao actual contexto socioeconómico.

SEGUNDO: Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atri-

buídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (apartado terceiro a) nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e moi especialmente nos anos 2016, 2017, 2019, 2020, 2021 e 2022 mediante a sinatura de convenios coa **UNIÓN COMARCAL DE COMISIONES OBRERAS (CCOO) DE VIGO**, para o axuda ao financiamento das actividades da entidade.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.* A este respecto, cómpre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L. 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

O fomento do emprego constitúe un obxectivo prioritario das políticas públicas, especialmente necesario no actual contexto, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

Ante as novas necesidades xurdidas da crise sanitaria e as súas repercusións no ámbito sociolaboral, que provocaron cifras históricas de destrución de emprego, e tamén, dentro das medidas de fomento do emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, e empresariais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

TERCEIRO: Que CCOO é unha organización sindical democrática, formada por traballadores e traballadoras afiliados de forma voluntaria para defender os seus intereses e conseguir unha sociedade máis xusta, democrática e participativa.

Segundo contempla o art. 1 dos Estatutos de S.N. de CC.OO de Galicia, a Unión Comarcal de CC.OO de Vigo, asume, entre os seus principios e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender as reivindicacións dos/as traballadores/as, sen discriminación



Concello de Vigo

- ✓ Impulsar e desenvolver a igualdade de oportunidades, así como, combater a discriminación que, por razón de sexo, se produza
- ✓ Desenvolver accións positivas nas relacións laborais e condicións de traballo, así como, na consecución dunha representación equilibrada de homes e mulleres en todos os niveis
- ✓ Reivindicar a mellora das condicións de vida e de traballo de todos/as os/as traballadores/as
- ✓ Defender, especialmente, as reivindicacións das mulleres, da xuventude, das persoas maiores, da saúde laboral, do medio ambiente o do pacifismo, co fin de eliminar calquera discriminación baseada no sexo, na idade, a raza, a orixe étnica e as conviccións políticas e relixiosas, así como, por calquera outra circunstancia persoal ou social
- ✓ Apoiar as reivindicacións específicas das persoas emigrantes e dos/as traballadores/as estranxeiros que traballan en Galicia
- ✓ Orientar a súa actividade ao exercicio efectivo do dereito dos traballadores a un emprego estable, á plena protección social, á mellora das condicións de traballo e emprego da poboación activa, á solidariedade internacional entre traballadores, á integración social e laboral, en especial, dos colectivos suxeitos a condicións de exclusión, á mellora das condicións de vida e a promoción sociocultural, á consecución da igualdade de trato e oportunidades entre homes e mulleres, (...)

Deste xeito, co obxecto de contribuír á consecución dos fins públicos obxecto de protección, a través de fórmulas de colaboración con axentes sociais de ampla representatividade, dáse trámite ao procedemento de “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Unión Comarcal de Comisiones Obreras de Vigo no marco do fomento do emprego”, para colaborar no desenvolvemento de accións de carácter sociolaboral de interese para a cidadanía no marco do fomento do emprego:

MANIFESTAN

I.- - Que a Unión Comarcal de CCOO de Vigo, conforme á proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo remitido en data 21/07/2023, a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (documento núm. 220060268) e achegas complementarias á solicitude presentadas cos documentos núm. 230220023 e 230220031 da mesma data e, 230327254 de data 17 de outubro, a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio de colaboración para axudar ao financiamento das actividades da entidade, no período comprendido entre o 01/01/2023 e 30/09/2023, e que ten por obxecto a organización das seguintes accións de carácter sociolaboral de interese para a cidadanía no marco do fomento do emprego:

1. Oficina de Atención á Cidadanía, para información sobre cuestións relacionadas con:

1. Emprego.
2. Urbanismo municipal.
3. Lei de Dependencia.
4. Declaración da Renda.

2. Xornada de información cidadá: “Incidencia da reforma das pensións 2023”

3. Proposta de documento de diagnóstico económico e laboral do Concello de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á Unión Comarcal de CCOO de Vigo, a condición de participe na súa contribución na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da igualdade no emprego contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.

III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo.

Estas circunstancias así como a presenza que ten a Unión Comarcal de CCOO de Vigo entre o tecido económico e laboral, e a existencia dunha partida nominativa nos orzamentos do Concello de 2023, para o desenvolvemento dun convenio coa CCOO para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervincentes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, co obxecto de desenvolver un proxecto baseado nas especiais dificultades coas que se atopan determinados sectores de poboación no acceso ao emprego e o profundo coñecemento que ten a “UNIÓN COMARCAL DE CCOO DE VIGO” do mercado laboral.

V.- Que a Unión Comarcal de CCOO de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Unión Comarcal de CCOO de Vigo, o Concello de Vigo e a dita organización sindical conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Unión Comarcal de CCOO de Vigo comprométese a colaborar coa Concellaría da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude do Concello de Vigo en canto á dinamización e fomento do emprego entre a cidadanía viguesa, e a levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente:

1. Oficina de Atención á Cidadanía, para información sobre cuestións relacionadas con:

1. Emprego.
2. Urbanismo municipal.
3. Lei de Dependencia.
4. Declaración da Renda.



Concello de Vigo

2. Xornada de información cidadá: "Incidencia da reforma das pensións 2023"
3. Proposta de documento de diagnóstico económico e laboral do Concello de Vigo.
4. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- 5.- Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio realizaranse no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellería de Cultura e Emprego- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
- 6.-Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- 7.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
- 8.- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- 9.- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respeitar a estrutura organizativa da Unión Comarcal de CCOO de Vigo.
3. Conceder directamente á Unión Comarcal de CCOO de Vigo unha subvención por importe de 35.592,11 € que corresponden aos custes salariais e de seguridade social, material de oficina e gastos de organización de xornada, necesarios para o desenvolvemento do convenio, con cargo á partida 2410 4800003 "Convenio CCOO Fomento do [emprego](#)", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta axuda será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciſen na execución da actividade conveniada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade. A devandita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

–A información, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

–En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

–O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Emprego da Concellaría da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude.

Sétimo.- A presente subvención rexistrarase na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Oitavo- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Unión Comarcal de Comisiones Obreras (CCOO) de Vigo* mediante a presentación dunha memoria final, coa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación finalizará o **18 de decembro de 2023**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.



Concello de Vigo

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual. Indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte documentación: denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado; datas e lugar de celebración; colectivo afectado, nº de beneficiarios e programación desenvolvida; nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes; actuacións realizadas; exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente** e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias asinadas electronicamente, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

As retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Nóminas correspondente aos meses imputados.
- Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.

Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 ao 30 de setembro de 2023.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego. A xefa do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:

1. Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
2. Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
3. Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.
4. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
5. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da



Concello de Vigo

concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.

6. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo do convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo sétimo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Unión Comarcal de CCOO de Vigo no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o 31/12/2023.

E, en proba da súa conformidade, asinan electrónicamente o presente convenio, en data das devanditas sinaturas.

14(990).- AUTORIZACIÓN DE GASTO ADICIONAL: PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL E DE AXUDAS AO TRANSPORTE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE 2023. Expte. 243631/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 7/12/2023, dáse conta do informe-proposta de data 01/12/2023, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área e conformado polo asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 29.12.2022, adoptou o seguinte acordo:



Concello de Vigo

“PRIMEIRO: Aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL E DE AXUDAS Ó TRANSPORTE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (2023)», elaborado polo Servizo de Benestar social (Exp. nº 243631/301) e dispoñer a súa publicación no BOPPO.

SEGUNDO: Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño e na Base de execución do orzamento xeral municipal nº 29.3.

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 1.125.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 para facer fronte ás axudas económicas de emerxencia e “bono-taxi” para o exercicio de 2023 e de 50.000€ con cargo á nº 2310.780.00.00 para a concesión de axudas destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxo de deterioracións e de avarías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación).

CUARTO: Autorizar a realización de libramentos a xustificar por solicitude do Servizo de Benestar Social e ata os importes máximos indicados anteriormente, a nome dos funcionarios habilitados dese Servizo, que serán aboados nas contas habilitadas de Benestar Social.

QUINTO: Publicar este acordo no taboleiro electrónico de anuncios e editos do Concello de Vigo, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web municipal, debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>.

SEXTO: Remitir á Axencia Estatal de Administración Tributaria a información precisa sobre as axudas que se concedan con cargo a este Programa mediante a presentación do MODELO 190 (declaración resume anual de retencións), indentificándoas coa clave “L” e a subclave 22”.

II. A Base Quinta do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL E DE AXUDAS Ó TRANSPORTE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (2023)» (“Crédito orzamentario”), prevé que: “*de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificaranse as partidas na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo á normativa vixente en materia orzamentaria*”.

III. É o caso que neste exercicio de 2023 xurdiron situacións extraordinarias que deron lugar a un importante incremento da demanda destas axudas sociais de emerxencia. Para poder atender esa demanda tramitouse no Exp. nº 259573/301 unha modificación orzamentaria (xeración de crédito) na aplicación nº 2310.480.00.00 “Axudas a familias e fondo de emerxencia deshaucios” por importe de 209.760,00 €, que foi aprobada por Resolución da Alcaldía-Presidencia do 29.11.2023 (Modificación orzamentaria nº 108/23), co seguinte detalle:

Concepto	Empregos				Recursos				
	Programa	Partida	Proxecto	Importe	Concepto	Axente	Proxecto	% Financ.	Importe
Bs. Social	2310	4800000		209,760.00	45002	Xunta G.		70,33%	209,760.00

IV. Incrementada deste xeito a dotación da aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00, procede agora que a Xunta de Goberno Local autorice o seu gasto.

II. PROPOSTA

Visto o que antecede e a normativa aplicable, unha vez que se emita o preceptivo informe de fiscalización pola Intervención xeral municipal, procedería propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Autorizar o gasto de 209.760,00 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 para facer fronte ás axudas económicas de emerxencia e “*bono-taxi*” neste exercicio de 2023.

SEGUNDO: Autorizar a realización de libramentos a xustificar, por solicitude do Servizo de Benestar Social e ata os importes máximos indicados anteriormente, a nome dos/as funcionarios/as habilitados/as dese Servizo, que serán aboados nas contas habilitadas de Benestar Social».

Con todo, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(991).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO VIGO VERTICAL “HUMANIZACIÓN DA AVDA. HISPANIDADE, ENTRE AS RÚAS AMOR RUIBAL E FELICIANO ROLÁN” (PRTR – NEXT GENERATION-EU) EXPTE. 1679/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 29/11/2023, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 24/11/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación



Concello de Vigo

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical “Humanización da Avda. Hispanidade, entre as rúas Amor Ruibal e Feliciano Rolán” (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next Generation-EU) (1679-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical “Humanización da Avda. Hispanidade, entre as rúas Amor Ruibal e Feliciano Rolán” (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next Generation-EU) (1679-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 8 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “VIGO VERTICAL-HUMANIZACIÓN DA AVDA. HISPANIDADE, ENTRE AS RÚAS AMOR RUIBAL E FELICIANO ROLÁN” redactado polos Arquitectos María Monica Fernández Garrido, Paula Costoya Carro, Miguel Porras Gestido e Santiago Gonzalez Garcia,

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación de data 16.05.2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN DOUSCENTOS SETENTA E UN MIL DOUSCENTOS NOVE EUROS con SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.271.209,69 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 220.623,17 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1539 6090068 do orzamento vixente, proxecto de gasto 22153968, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	720.000,00 €
2024	551.209,69 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 76,56%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 20 de outubro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical “Humanización da Avda. Hispanidade, entre as rúas Amor Ruibal e Feliciano Rolán” (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next Generation-EU) (1679-441) na seguinte orde descendente:

	EMPRESAS LICITADORAS	PUNTUACIÓN TOTAL
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,33
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	87,73
3	ORECO BALGON, S.A.	80,88
4	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	61,86

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.””

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 31 de outubro de 2023, que presenta a documentación requirida o 14 de novembro de 2023, dentro do prazo concedido.



Concello de Vigo

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 24 de novembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 6 de outubro de 2023 e 16 de outubro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. o procedemento [aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical “Humanización da Avda. Hispanidade, entre as rúas Amor Ruibal e Feliciano Rolán” \(Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next Generation-EU\) \(1679-441\)](#) por un prezo total do contrato de 1.152.478,71 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 200.016,97 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

NESTE INTRE AUSÉNTASE DA REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. RIVAS GONZÁLEZ.

16(992).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN ENTRE O CONTORNO DO COLEXIO LOSADA E RÚA RAMÓN NIETO" (PRTR – NEXT GENERATION-EU). Expte. 1680/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 29/11/2023, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 24/11/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para conexión entre o contorno do colexio Losada e rúa Ramón Nieto" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next Generation-EU) (1680-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para conexión entre o contorno do colexio Losada e rúa Ramón Nieto" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next Generation-EU) (1680-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 8 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:



Concello de Vigo

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN ENTRE O ENTORNO DO COLEXIO LOSADA E RÚA RAMÓN NIETO”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con data 9 de maio de 2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUS MILLONS TRESCENTOS CINCO MIL CINCOCENTOS TRINTA E UN EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (2.305.531,65 EUROS), sendo o importe correspondente ao IVE de 400.133,59 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1539 6090067 (ACCESIBILIDADE COLEXIO LOSADA A RAMON NIETO M), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	1.070.000,00 €
2024	1.235.531,65 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 115,47 %.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 20 de outubro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para conexión entre o contorno do colexio Losada e rúa Ramón Nieto” (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU) (1680-441) na seguinte orde descendente:

	EMPRESAS LICITADORAS	PUNTUACIÓN TOTAL
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	94,00

2	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L	90,22
3	ORECO BALGON, S.A.	86,93
4	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.	84,90

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 31 de outubro de 2023, que presenta a documentación requirida o 14, dentro do prazo concedido, e fora do prazo o 23 de novembro de 2023, dentro do prazo concedido que, en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede admitir esta documentación.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 24 de novembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Concello de Vigo

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 6 e 16 de outubro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para conexión entre o contorno do colexio Losada e rúa Ramón Nieto” (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next Generation-EU) (1680-441) cun prezo total do contrato de 2.184.260,69 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 379.086,57 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(993).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez.